

BANDO

BENESTAR EN BALNEARIOS

Informase aos veciños e veciñas que a Consellería de Traballo e Benestar ven de abrir o prazo de solicitude para o Programa “Benestar en Balnearios” 2012.

Pessoas beneficiarias e requisitos:

- Ser maior de 65 anos, ou pensionista maior de 60
- Residir na Comunidade Autónoma de Galicia
- Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria
- Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa, en fase activa, nin trastornos mentais condutuais non compensados, que poidan alterar a normal convivencia
- Precisar os tratamentos balneoterápicos solicitados
- Ter uns ingresos persoais mensuais inferiores a 763,61 €.

Datas:

Quendas de 10 días (9 noites) entre os meses de xuño e outubro

Prezos:

Réxime de “Todo Incluído”, entre 310,88€ e 391,76€

Balnearios:

Acuña, Arnoia, Augas Santas, Baños de Brea, Baños de Molgas, Caldelas de Tui, Carballo, Carballiño, Cuntis, Laias , Lobios, Rio Pambre e Termas Romanas.

Documentación:

- Solicitud, na que se cubrirán todos os datos requeridos, tanto do solicitante como do cónxuge ou acompañante cando proceda.
- Fotocopia do DNI do solicitante e do cónxuge ou acompañante se procede
- Declaración responsable do estado de saúde do solicitante e a do cónxuge ou acompañante se procede, no apartado incluído na solicitud.

No caso de que dúas persoas queiran acudir xuntas ao mesmo destino e quenda, presentarán unha única solicitud, para a súa baremación conxunta.

Prazo de Solicitud:

Ata o 11 de maio

Para máis Información e presentación de solicitudes poden dirixirse ao **Servizo Social Comunitario** deste Concello os **luns, martes e venres de 9 a 13:30 horas.**

Pontecesures, 23 de abril de 2012

O ALCALDE.,

Manuel Luis Álvarez Angueira



CONCELLO DE
PONTECESURES

CONCELLO DE PONTECESURES